



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2018/1
SESIÓN PLENARIA XOVES 8 DE FEBREIRO DE 2018

ACTA Nº 2018/1

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
XOVES 8 DE FEBREIRO DE 2018 -

FIRMADO POR Afonso Lorenzo Penela (NIF: 36012168X) (FECHA: 07/03/2018), Fernando Pérez Fernández (NIF: 32806179Z) (FECHA: 07/03/2018)
Versión imprimible

CVD: epXLOJ176gdQSm7yYc+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



ACTA Nº 2018/1

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 8
DE FEBREIRO DE 2018**

<p>Asistentes:</p> <p>PRESIDE: FERNANDO PEREZ FERNANDEZ</p> <p>ASISTEN: BNG JOSE ANTONIO COTOS SEOANE MARTA GARCIA SANCHEZ ALVARO XESUS GARCIA FREIRE PP OSCAR VAZQUEZ CORRAL JESUS GOMEZ GARCIA JOSE DAVID PINTOR PAZO JOSE EMILIO MAHIA NEIRA</p> <p>AUSENCIAS: PP MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS</p> <p>SECRETARIO: AFONSO BIEITO LORENZO PENELA</p>

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:03 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Hai inicialmente un cidadán presente en calidade de público, uníndoselle 4 máis ao longo da sesión.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia, a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, no seu caso, do borrador da acta da sesión anterior.
- 2.- Control dos actos dos órganos de goberno (XGL e alcaldía)
- 3.- Dar conta da rehabilitación da autorización número 12090421 da clase VT-N adscrita ao vehículo 0470-HJF a nome de José Rodríguez Porto.
- 4.- Dar conta do escrito presentado por José Penas Fernández.
- 5.- Rogos e preguntas.



Antes de pasar ao primeiro punto da orde do día o alcalde do concello informa de que se puxo en contacto co portavoz do BNG para intentar cambiar a data da sesión deste pleno ordinario para poder incluír as bonificacións do IBI, pois non se puido rematar o estudo de todas as instancias presentadas neste momento, estando algúns veciños pendentes de entregar documentación complementaria que contamos estea rematado a finais deste mes. Nesa mesma sesión pensamos estudar o orzamento de 2018. O grupo do BNG dixo que non á proposta de cambio, por iso se fai hoxe o pleno ordinario sen poder incluír ese punto.

1.- Aprobación de actas anteriores (02' 52")

A continuación dáse conta de que a acta 10/17 do pleno ordinario do 18 de decembro, a cal é aprobada sen ningunha anotación á súa redacción nin contido, por unanimidade dos asistentes.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (03' 42")

A continuación dáse conta da entrega dos borradores das actas da Xunta de goberno local ata a número 21/2017 que quedara pendente da sesión anterior, e as 25 e 26, tamén de 2017. Non hai ningún comentario ás mesmas.

Faise constar que as actas da Xunta de Goberno local inclúen os decretos asinados no período correspondente.

3.- Dar conta da rehabilitación da autorización número 12090421 da clase VT-N adscrita ao vehículo 0470-HJF a nome de José Rodríguez Porto. (05' 31")

A continuación o alcalde Fernando Pérez Fernández dá conta da rehabilitación da autorización número 12090421 da clase VT-N adscrita ao vehículo 0470-HJF a nome de José Rodríguez Porto, dando conta do escrito RE 2167 de data 29-12-2017, que se achegaba coa convocatoria.

Como é sabido polos concelleiros este concello estaba celebrando un concurso para cubrir precisamente esta praza e para a que unicamente se presentara precisamente José Rodríguez Porto.

En consecuencia o alcalde propón deixar sen efecto o mencionado concurso por non ter sentido o cal é aceptado por consenso de todos os asistentes.

4.- Dar conta do escrito presentado por José Penas Fernández. (06' 52")



A continuación o alcalde Fernando Pérez Fernández dá conta do escrito RE a través do SIR nº 23 de data 24-01-2018, presentado por José Penas Fernández, e que se achegaba coa convocatoria. O escrito está dirixido nominalmente a cada un dos membros da oposición municipal.

O alcalde, ao ser un escrito dirixido ao grupo do BNG, cédelles a palabra, indicando Álvaro García Freire que o que queren, antes de nada, é información.

O alcalde do concello explica que é un expediente derivado das obras de abastecemento de augas realizadas na parroquia de San Vicenzo. Consideramos que a actuación foi correcta, realizándose un depósito, unha captación e o tramo da rede que comprende perto de 120 tomas diante das casas de case todos os veciños. Contamos que a primeiros de marzo poidamos autorizar os enganches dos veciños.

Dende hai un tempo estamos recibindo escritos dunha veciña, Mercedes Lago Freire, que ten unha vivenda en Santa Mariña, ao carón do concello de Curtis, tendo entrada por A Corda, dese concello.

A vivenda desta veciña conta con licenza de obra, sendo realizada no ano 1996, malia estar feita en solo rústico, pois daquela permitíase de cumprirse unha serie de condicionantes como que non se formase núcleo, e así foi, pois alí non hai núcleo, e ter os servizos básicos (luz, acceso, abastecemento de augas e fosa séptica) No proxecto en base ao que se lle concedeu a licenza tamén solicita autorización para facer un pozo para así cumprir con condicionante de dispor dese servizo. Na actualidade esta casa ten un letreiro de “Se vende”.

Cando se fai o depósito de San Vicenzo faise tamén un pequeno tramo de rede, que colle a zona do Seixo e ata a casa de Jaime, que é a última a onde chega a rede municipal por esa zona. Despois da casa de Jaime había un camiño vello que ía dar a unhas ruínas, tamén denominadas de Santa Mariña e as que non chega a rede municipal. A vivenda de Mercedes Lago Freire está moito máis lonxe desas ruínas. No momento de facerse o depósito e este tramo de rede, aínda non se abrira a nova pista da concentración, que sae da casa de Jaime e que chega ata a casa desta señora. É dicir, cando se fixo ese tramo de rede sería imposible levar a traída ata esa casa. O ramal do concello, por tanto, remata na casa de Jaime (que no proxecto se di que é Santa Mariña).

Na seguinte obra xa non se contemplou rede ata Santa Mariña.

Mercedes Lago Freire leva presentados xa varios escritos no concello que xa se responderon ou están tramitándose e outros dous á deputación da Coruña, que nos pediu informe que xa lles remitimos, pasando a lelo, en resumo. As obras teñen todas acta de recepción.

A continuación, transcorridos 18’08”, o portavoz do grupo municipal do BNG, José Antonio Cotos Seoane, comenta que ela ten o seu punto de razón, pois a auga é un



servizo público ao que ten dereito, contestando o alcalde que está de acordo e que xa lle dixo que cando houberse cartos estudaríase a posibilidade de levala.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, Álvaro García Freire pregunta se quedou algunha vivenda sen auga e se había algunha vía pública ata a súa vivenda, contestando alcalde Fernando Pérez Fernández, que case todo o mundo ten auga, e o concelleiro do PP David Pintor Pazo que non había camiño, por iso se serve por Curtis.

O alcalde do concello indica que no escrito di que non se fixo a obra malia estar contemplada no proxecto, o que é totalmente falso.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Álvaro García Freire solicita ver os proxectos das obras, ao que accede o alcalde.

4.- Rogos e preguntas. (24' 25'')

Antes de empezar este punto o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández informa de que non se puideron incluír as preguntas na orde do día por ter chegado unha vez realizada xa a convocatoria, pois se remitiron ao correo do secretario o día 6 e este tivo cursiño ese día e o día seguinte foi a nevada, polo que aínda se me entregaron hoxe, día 8, contestando o concelleiro do BNG que tampouco piden que se contesten hoxe. O alcalde solicita ao grupo do BNG que as preguntas non se remitan só ao correo do secretario, senón tamén ao da alcaldía.

A continuación procédese á lectura e contestación das preguntas.

A/ Preguntas presentadas por escrito (25' 55'')

A continuación dáse conta das seguintes preguntas presentadas por correo electrónico e que se reproducen a seguir:

1. Despois de revisar a documentación do expediente de subvencións a entidades do ano 2016 e despois de realizar o análise correspondente sen que quedase explicado en que se baseaban para o reparto das cantidades. Cal son os criterios nos que se basearon para conceder as distintas subvencións as entidades? (25' 55'')

Contesta o alcalde que é unha convocatoria de carácter anual e que se basea no regulamento aprobado no seu día polo grupo de goberno do BNG, publicado no BOP do 23-04-2009. Nese regulamento hai unha serie de criterios que son os que se utilizan.

A continuación analiza a evolución das subvencións dende anos atrás (2010 a 2016) non encontrando grandes modificacións nin houbo queixas de ningún tipo de ningunha asociación. No ano 2010 dábanse 4.400,00 euros e no 2016 déronse 8.600,00 euros. No ano 2016 as asociacións que máis recibiron foron a Anpa do Ceip e a xuvenil Axóuxere



(ambas de Présaras), indicando o que recibiron as asociacións por parroquia. Finaliza pedindo á oposición que se ten algunha dúbida que o dixeran.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Álvaro García Freire di que no expediente non consta nada do que di o alcalde pois non hai ningún informe explicativo, realmente non hai nin expediente, nin xustificación da subvención, nin informe de secretaría. Para min, se non hai forma de discriminar ás asociacións hai que darlles a todas igual, a non ser coa excepción que dis de Présaras, no seu caso. O que parece é que se dan as subvencións como queredes, pois non se explican as diferencias, entón ou a todos igual ou hai que xustificalo.

O alcalde contesta dicindo que o expediente existe, hai unha publicación, convocatoria, reunión da comisión, etc., e non damos as cantidades ao azar, analizamos todas e cada unha das asociacións.

A seguir prodúcese un amplo debate entre o alcalde, Fernando Pérez Fernández, e Álvaro García Freire ao redor, basicamente, dos argumentos anteriores (o expediente está completo ou falta informe explicativo e Vº e pr. de intervención).

2.- Queremos información dos datos de contratación ou da fase na que se atopan as seguintes obras (Data e prezo de adxudicación, empresa adxudicataria , prazo de execución, data da sinatura do contrato, data da sinatura da acta de reformulo e data da acta de recepción ou documento análogo). (A continuación relación as obras do PAS 2015, POS 2015, POS 2016, PMA 2016, POS 2017 e Convenios 2017). (40' 35")

O alcalde, Fernando Pérez Fernández di que non tivo tempo de recoller toda a información pero que vai dar a que ten, contestando Álvaro García Freire (BNG) que non ten presa e que lla pode pasar por escrito.

O alcalde informa que absolutamente todos os procesos de contratación fanse segundo os pregos da deputación, os organismos subvencionantes ou a normativa de contratación e a continuación empeza a dar datos de cada unha das obras mencionadas, interrompendo Álvaro García Freire dicindo que non teñen presa, pois entenden que hai que reunir a documentación, pero que queren a contestación completa e mellor por escrito, pois queremos facer unhas comprobacións, nada máis.

3.- Solicitamos información das reunións que se mantiveron por parte da alcaldía con responsables das distintas administracións e proxectos presentados ou xestións realizadas. (42' 40")

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, contesta que, evidentemente, houbo varias reunións sobre diferentes asuntos e con diferentes organismos e daremos información cando se concreten os asuntos e o seu financiamento. Relaciona a seguir algunhas áreas



(estradas, deportes, alumeados, etc.). Prodúcese un breve debate no que Álvaro García Freire pide que se lle vaia dicindo algo das conversas e o alcalde Fernando Pérez Fernández que responderá cando se concreten as actuacións, mencionando de pasada algunhas, entre elas a intención de adquirir un terreo do consorcio.

Debátese sobre o terreo do consorcio, que se adquirira, no seu momento, para realizar un centro de día, que xa non se vai realizar, dicindo o alcalde que entón quéreno recuperar para os veciños de Vilasantar.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, Álvaro García Freire pregunta polas conversas que se tiveron con Infraestruturas, contestando o alcalde que se falou das beirarrúas de Présaras, quedando por agora sen concretar nada.

B/ Preguntas verbais (47' 10'')

A continuación a concelleira do BNG Marta García Sánchez pregunta por que se parou a tendido da liña eléctrica que vai para Liñares na zona do Vento. Hai un amplo debate sobre a que zona en concreto e o tipo de obra a que se refiren, e a situación do servizo eléctrico no municipio, rematando o alcalde que ten que miralo e xa responderá.

A continuación a concelleira do BNG Marta García Sánchez pregunta polas medidas que se adoptaron para parar o destrozo ocasionado na pista de Díaz, contestando o alcalde que antes de rematar o ano se lle pediu o interesado que amañase a pista e fíxoos pero con aglomerado en frío e seguiu a sacar material e haberá uns dez días asinei un decreto no que lle paralicei o paso de camións pola pista e esixíndolle o arranxo da estrada municipal, cando menos a nosa, que a de Sobrado está peor.

Sendo as 13h e 57 minutos e transcorridos 54' 42" dende o inicio e non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 23 de febreiro de 2018

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e prace, O alcalde, Fernando Pérez Fernández